



OVICA

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 27 - MAIO - 07

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

MANEXO E SANIDADE

Despois de realiza-la rapa sería conveniente un baño antiparasitario para eliminar ou previr brotes de sarna e outros parasitos externos.

Así mesmo, pódese aproveitar para realizar outra práctica zootécnica necesaria: o arranxo das pezuñas



COVIGA
caprino e ovino galego

CURIOSIDADES:



Diferentes modelos de comedeiros e bebedeiros para animais no pasto

FEIRAS

O 20 de maio volve a Feira de Cuspedriños en S. Xurxo de Sacos – Cotobade (Pontevedra)

OVICA e COVIGA estiveron presentes na Feira con animais e un posto de venda de queixos.



Feiras de Silleda e Zamora 2007

Ó igual que os anos anteriores OVICA participará activamente na XXX Edición da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, do **13** ó **17** de **xuño** de 2007, en Silleda. OVICA levará animais de varias explotacións asociadas e realizaranse degustacións de año/cabrito e queixos. Os socios que desexen acudir que soliciten as entradas chamando a OVICA!!

OVICA tamén acudirá cunha pequena mostra de animais á "XV Exposición de Ganado Autóctono de Castilla y León" que se celebrará a finais de xuño en Zamora.

RAZAS: **Berrichon du Cher**



Orixe: Francia (Cruce Merino, Dishley)

Características: Raza seleccionada de forma especial para a produción de carne. Cabeza desprovista de vellón e ausencia de cornos. Tronco voluminoso e macizo, os machos poden pesar entre 100 e 140 kg, as femias entre 70 e 100 kg. Prolificidade media entre 140-170 %
Producción: Moi empregada para cruce industrial polo gran poder de enrazamento dos sementais. Gran capacidade de crecemento e bos rendementos e conformación das canais.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndense xogo de 10 números metálicos para marcar animais. 982284111.
- Véndense machos de raza Berrichón. 982157816/676030978.
- Véndense 10 rolos grandes de herba. (A Estrada) 656985949.
- Véndense 11 ovellas de aptitude cárnica (A Pastoriza) 678 061 300 / 639 431 468
- Véndense machos de raza Berrichon 636 793 390
- Véndese ou cambiase macho de aptitude cárnica (Lalín) 605 957 868
- Mércanse 2 machos de ovino adultos 609 529 872
- Mércanse cabras 981 363 008
- Véndense trabadizas a estrenar, para ovellas ou cabras 669 268 850
- Véndense años de raza ovella galega inscritos no libro xenealóxico 676 437 614
- Véndense 100 ovellas e 103 dereitos (O Páramo – Lugo) 982 543 454

FORMACIÓN:

O pasado sábado 12 de maio de 2007, OVICA participou cunha ponencia que levaba por nome "O gando ovino e caprino: un modelo de produción sostible" dentro das "Xornadas sobre alternativas para un desenvolvemento sostible" organizadas polos CAF (Comités Abertos de Facultade) e que tiveron lugar do 10 ó 13 de maio de 2007 no auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo.

O equipo veterinario da AD SG ACIVO e OVICA acudirá ó "II Curso teórico-práctico de reprodución e inseminación artificial en ganado ovino e caprino" que terá lugar en Toro (Zamora) os días 23, 24 y 25 de Maio. Organizado por Ovigen e a Junta de Castilla y León.

PREMIOS



OVICA presentou a súa candidatura para optar ó Premio do XXVIII Concurso Internacional do Día do Agricultor. Os membros do xurado estiveron en OVICA para evaluar a exposición da candidatura

ACTIVIDADES

Asamblea anual da Cooperativa COVIGA

O sábado 21 de abril de 2007 celebrouse en Allariz a Asamblea Xeral Ordinaria da Cooperativa COVIGA. Nela deuse conta do traballo desenrolado durante o ano 2006 e as perspectivas para o vindeiro exercicio 2007.



NORMATIVA

Consellería de M. Ambiente e D. Sostible

- Orde do 7 de marzo de 2007, pola que se convocan as axudas para o 2007 para paliar os danos producidos polo lobo)

Consellería do Medio Rural

- Orde do 10 de maio de 2007: Axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios (Plans de mellora e de incorporación)

CAMPAÑA DA RAPA 2007

A campaña da rapa está a transcorrer con normalidade. É importante a colaboración de todos para que isto continúe a ser así. Lembra:

- Os rapadores levan unha persoa encargada de colle-las ovellas, xa incluído no prezo.
- A rapa realízase nun recinto axeitado que facilite o traballo, coas tomas de electricidade necesarias para as máquinas e disporán de bebidas (**non alcohólicas**)
- O pago da rapa debe realizarse a través de OVICA
- Ante calquera problema chamade inmediatamente a OVICA para intentar solucionalo
- Prezos: Soci@s1,50 €/ovella
Non soci@s..... > 1,80 €/ovella